

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 17 de agosto de 2020, adoptou o seguinte acordo:

## **PUNTO 2.º COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO**

### **4. Administración do Parlamento de Galicia**

#### **4.2. Asuntos económicos e contratación**

##### **4.2.2. Modificación do contrato administrativo mixto de subministración e de servizos para o acceso a internet e subministración de electrónica de rede, adxudicado á empresa UTE “Telefónica de España, S.A.U.-Telefónica Móviles España, S.A.U., Unión temporal de empresas.**

Analízase a documentación remitida polo Servizo de Persoal e Réxime Interior relativa á modificación do contrato administrativo mixto de subministración e de servizos para o acceso a internet e subministración de electrónica de rede, adxudicado á empresa UTE “Telefónica de España, S.A.U.-Telefónica Móviles España, S.A.U., Unión temporal de empresas, Ley 18/1982 de 26 de mayo y Ley 12/1991, de 29 de abril (abreviadamente UTE TdE-TME DXXVII). O informe emitido por ese servizo transcríbese a continuación:

*I. Mediante informe de 21 de xullo de 2020, o xefe do Servizo de Tecnoloxías da Información, recomenda modificar o contrato para ampliar o ancho de banda dos 100 Mbps inicialmente contratados a unha capacidade de 500Mbps, por un importe mensual de 808,55 € (sen IVE).*

*II. O contrato foi formalizado o 17 de xaneiro de 2017; mediante Acordo da Mesa do Parlamento de 14 de xaneiro de 2020, o contrato foi prorrogado ata o 16 de xaneiro de 2023.*

*III. Ao teor da disposición transitoria primeira da Lei 9/2017, de contratos do sector público, os contratos administrativos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor desa Lei rexeranse, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas, pola normativa anterior. Segundo o establecido na cláusula décimo novena do prego de cláusulas que rexen este contrato, se durante a vixencia do contrato a Administración parlamentaria detecta a conveniencia ou a necesidade da súa modificación, ou a realización de traballos non contratados, observarase o disposto nos artigos 210, 211 e 219 e mais no título V do libro I do TRLCSP.*

*IV. No momento da licitación deste contrato estaba fora de toda previsión que unha pandemia declarada internacionalmente pola ameaza dun virus, obrigara á declaración dun estado de alarma e determinara o confinamento da poboación de todo un país. Consecuentemente, estaba fora de toda previsión que todo o persoal da*



*administración parlamentaria, dos grupos parlamentarios e, incluso, que os deputados tiveran que desenvolver as súas tarefas ordinarias en forma telemática mediante modalidades de teletraballo; incluso os diversos órganos parlamentarios tiveron que reunirse telematicamente para o desenvolvemento das súas funcións regulamentarias e estatutarias.*

*Ademais, a utilización da sede electrónica do Parlamento para os distintos procedementos administrativos e parlamentarios tivo que ser impulsada e incentivada, consecuentemente se produciu un incremento notable do tráfico de datos polo uso polos usuarios desta vía de xestión administrativa.*

*Isto provocou unha demanda de ancho de banda que non fora prevista, e obrigou á contratación por emerxencia dunha ampliación de ata 500 Mbps. O paso á normalidade sanitaria e decaemento do estado de alarma determinou a resolución desa contratación de emerxencia, e á volta á dispoñer de 100 Mbps de ancho de banda. Sen embargo, a situación de control da pandemia non parece estar definitivamente consolidada, e os expertos non descartan rebrotes máis ou menos recorrentes e frecuentes no curto e medio prazo. As autoridades fan previsións de ata dous anos para a disposición dunha vacina ou dun tratamento eficaces contra a enfermidade provocada pola COVID-19.*

*O incremento no uso das modalidades de teletraballo, da vía telemática para a celebración de reunións de órganos parlamentarios e administrativos, e do uso da sede electrónica para a xestión de solicitudes e trámites parlamentarios e administrativos que se dan na actualidade van ter continuidade no futuro inmediato e vanse prolongar de forma indefinida, polo menos ata que a pandemia estea controlada.*

*Esta situación fai imprescindible que a administración dispoña de ferramentas adecuadas para responder ao incremento xa detectado do uso do teletraballo e de vías telemáticas e xestión electrónica de expedientes, e incluso fai recomendable prever o seu incremento exponencial por motivo de novos confinamentos.*

*O ancho de banda actualmente contratado non é suficiente para dar resposta eficaz a esta posible demanda, polo que se considera imprescindible a súa ampliación.*

*V. A ampliación do ancho de banda non implica incorporar ao contrato prestacións complementarias, nin se amplía o obxecto do contrato para dar cabida a finalidades novas, nin se trata dunha prestación susceptible de aproveitamento independente. O ancho de banda para transmisión de datos está xa incluído no contrato, como unha das súas prestacións principais, pero cun caudal de transmisión adecuado ás necesidades do momento da licitación; necesidades que serían na actualidade as mesmas daquel momento se non se tivera producido unha pandemia internacional que obrigara a un confinamento xeneralizado e un cambio de tal magnitude na vida laboral, administrativa e parlamentaria do Parlamento.*

*Conforme ao establecido no artigo 107.1.b do TRLCSP, a modificación do contrato pode producirse pola inadecuación da prestación por circunstancias obxectivas que determinen a súa falta de idoneidade, postas de manifesto logo da adxudicación e sempre que non fosen previsibles aplicando a dilixencia requirida de acordo cunha boa practica profesional na elaboración das especificacións técnicas.*



*As especificacións técnicas da prestación contratada, no que respecta ao ancho de banda, non son idóneas para dar cumprida satisfacción á demanda mencionada, demanda posta de manifesto co contrato xa formalizado e en execución; incremento de demanda provocada por causas que era obxectiva e diligentemente imposible de prever.*

*Que o ancho de banda non é idóneo para a cobertura da actual demanda púxose de manifesto coa necesidade da tramitación da súa contratación durante a duración do estado de alarma mediante trámite de emerxencia; que a demanda da ampliación do ancho de banda se produce xa adxudicado o contrato evidénciase polo feito de estar xa executado totalmente a súa inicial duración (tres anos), recentemente prorrogado; a ausencia ou falta de previsión por unha actuación non dilixente queda desbotada por traer causa dunha enfermidade e pandemia declarada polas autoridades sanitarias internacionais a finais do mes de xaneiro de 2020.*

**VI.** *Conforme ao establecido no artigo 102 do Real Decreto 1098/2001 polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, cando sexa necesario introducir algunha modificación nun contrato, a aprobación polo órgano de contratación requirirá previa audiencia do contratista e fiscalización do gasto correspondente.*

*O 20 de xullo de 2020 remitiuse a UTE “Telefónica de España, S.A.U.–Telefónica Móviles España, S.A.U., Unión temporal de empresas, Ley 18/1982 de 26 de mayo y Ley 12/1991, de 29 de abril (abreviadamente UTE TdE-TME DXXVII)”, un correo electrónico poñendo de manifesto a proposta de modificación contractual, para que fixera as consideracións que estimaran oportunas, con mención expresa á súa conformidade ou oposición á dita modificación contractual.*

*Mediante escrito de 23 de xullo de 2020 (rexistro nº 58), D<sup>a</sup>. Marta Menéndez Martínez, apoderada con poderes de representación suficientes da UTE TdE-TME DXXVII segundo se acreditou no momento da formalización do contrato, acepta a modificación do contrato proposta.*

**VII.** *O contrato foi adxudicado por 1.108.359,99 €, (con IVE) e o importe total da modificación proposta se cifra en 28.372,02 €, con IVE (período estimado de agosto 2020 a xaneiro 2023), polo que a modificación está por debaixo do 2,60 % do prezo do contrato, non alterando as condicións esenciais da licitación e do contrato, e responde exclusivamente á necesidade de dar cobertura tecnolóxica adecuada ao incremento xustificado do teletraballo de empregados públicos e resto do persoal do Parlamento e do uso das vías telemáticas para celebración de reunións administrativas e parlamentarias dos distintos órganos, e ao incremento do uso da sede electrónica do Parlamento para xestións administrativas e parlamentarias.*

*No caso de contemplar no momento de licitación a ampliación do ancho de banda para os vinte e nove meses que quedan de contrato, o incremento do valor estimado do contrato non tería implicado un cambio no procedemento de licitación, que tería sido o mesmo (procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada), nin se terían modificado substancialmente as condicións de solvencia económica e solvencia profesional, nin a categoría da clasificación profesional requirida, que tería sido a mesma, polo que a posible concorrencia tería sido a mesma.*



*VIII. Corresponde a aprobación da modificación do contrato ao órgano de contratación que aprobou o inicio de procedemento e adjudicou o contrato; segundo as regras do Regulamento de Organización e Funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia, corresponde á Mesa do Parlamento.*

*Débase incorporar ao expediente, previo á aprobación pola Mesa, informe da Oficialía Maior e da Intervención e Asuntos Económicos do Parlamento.*

*A modificación contractual debe notificarse ao contratista e ser publicada no perfil de contratante do Parlamento.*

*Á vista do exposto, propónse á Mesa da Deputación Permanente do Parlamento, previos informe favorables da Oficialía Maior e Intervención e Asuntos Económicos, a adopción do seguinte Acordo:*

*Modifícase o contrato administrativo dos servizos de telefonía e acceso á internet e a subministración de electrónica de rede para a administración do Parlamento de Galicia, para ampliar o caudal de conexión á Internet simétrico bidireccional permanente a un ancho de banda de 500 Mbps.*

*Esta modificación supón un incremento do prezo do contrato de 978,35 € (IVE engadido) mensuais.*

*A modificación do contrato estenderá a súa duración ao que resta do propio contrato, ou sexa, ata 16 de xaneiro de 2023.*

Visto o informe favorable dos Servizos Xurídicos.

No informe de fiscalización da Intervención da Cámara acredítase que na partida orzamentaria 01.01.111B.222.00 “Telefónicas” do orzamento do ano 2020 existe crédito por importe de 4.891,73 euros para atender a modificación do contrato polo importe estimado de 5 meses (agosto a decembro a razón de 978,35 euros/mes IVE engadido). Unha vez modificado o contrato, o importe do servizo que se compromete para anualidades futuras é o seguinte:

Ano 2021: 256.563,48 euros IVE engadido.

Ano 2022: 256.563,48 euros IVE engadido.

Ano 2023 (ata o 16 de xaneiro): 11.402,82 euros IVE engadido.

Indícase tamén que non é preciso reaxustar a alza a garantía xa que o seguro de crédito por importe de 45.800 euros é suficiente e garda a debida proporción, neste caso maior ao 5% do novo prezo modificado.

A Mesa adopta o seguinte ACORDO:

1.º) Modificar o contrato administrativo mixto de subministración e de servizos para o acceso a internet e subministración de electrónica de rede, adjudicado á empresa UTE

Servizo de Persoal e Réxime Interior.  
Intervención e Asuntos económicos.



“Telefónica de España, S.A.U.–Telefónica Móviles España, S.A.U., Unión temporal de empresas, Ley 18/1982 de 26 de mayo y Ley 12/1991, de 29 de abril (abreviadamente UTE TdE-TME DXXVII), formalizado o 17 de xaneiro de 2017 e prorrogado ata o 16 de xaneiro de 2023, para ampliar o caudal de conexión á Internet simétrico bidireccional permanente a un largo de banda de 500 Mbps.

Esta modificación supón un incremento do prezo do contrato de 978,35€ (IVE engadido) mensuais.

A modificación do contrato estenderá a súa duración ao que resta do propio contrato, ou sexa, ata 16 de xaneiro de 2023.

2.º) Autorizar un gasto derivado da modificación contractual por importe de 4.891,73€, IVE engadido, con cargo á partida orzamentaria 01.01.111B.222.00 do estado de gastos do exercicio 2020.

Os compromisos de gasto con cargo aos exercicios 2021, 2022 e 2023 quedarán condicionados á existencia de crédito orzamentario neses exercicios.

3.º) Comunicarlles este acordo á empresa contratista, ao Servizo de Persoal e Réxime Interior e á Intervención e Asuntos Económicos.

Santiago de Compostela, 21 de agosto de 2020

Miguel Ángel Santalices Vieira  
Presidente

Miguel Angel  
Santalices Vieira,  
Presidente

Firmado digitalmente por Miguel Angel  
Santalices Vieira, Presidente  
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Miguel  
Angel Santalices Vieira, Presidente,  
email=miguel.angel.santalices.vieira@parlam  
entodegalicia.es  
Fecha: 2020.08.21 10:02:57 +02'00'





Asinado dixitalmente por:

Miguel Angel Santalices Vieira, Presidente na data 21/08/2020 10:02:57

